XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**
Agra de Baño 21, MUROS – 15259
Tlf.: 881 867 110
ies.fontexeria@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA

| HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO | ACTIVIDADES | UNIDADE 10 |
|---|---|---|

| NOME | Nacho | APELIDOS | | CURSO | |
|---|---|---|---|---|---|

## PARTE 2 DA UNIDADE 10. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

### Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza **no teu caderno** as seguintes actividades:

- Explica **dúas causas políticas e militares** da **Primeira Guerra Mundial**:

A rivalidade entre paises polo control de certos territorios, entre eles Alemaña e Francia por Alsacia e Lorena, ou nos Balcáns... A política de expansión internacional do emperador alemán Gillerme II

- Indica **catro países** que compoñían **o bando dos aliados** e **catro países** que compoñían o **bando dos Imperios centrais** que se enfrontaron na Primeira Guerra Mundial:

Dos aliados: Francia, Reino Unido, Rusia e EE.UU.
Imperios Centrais: Alemaña, Austria-Hungría, o imperio turco e Bulgaria. ✓

- Explica **dous detalles característicos** de fase da **guerra de posicións** da Primeira Guerra Mundial:

A creación de grandes liñas de trincheiras e o desenvolvemento de novas armas para este tipo de guerra. Ofensivas para buscar puntos débiles do inimigo pero sen avances na fronte, por exemplo as batallas de Verdún e do Somme

- Explica **dúas características xerais** da **Primeira Guerra Mundial**:

A mobilización de ata 70 millóns de soldados enfrontando ás principais potencias mundiais.
A implicación dos Estados creando unha economía de guerra para atender ás necesidades e aos enormes gastos do conflicto.

▪ Explica **dúas consecuencias demográficas** da **Primeira Guerra Mundial**:

Un forte descenso da natalidade.
A morte de máis de nove millóns de persoas e uns vinte millóns de feridos e tamén moitos mutilados. aproximadamente

▪ Explica **dúas consecuencias sociais** da **Primeira Guerra Mundial**:

A implatación paulatina de sufraxio universal masculino e despois o femenino. A emancipación da muller, debido o traballo que fixo na guerra sustituíndo os homes que estaban na fronte podendo despois incorporarse a ...

▪ Explica **dúas debilidades** que demostrou ter a **Sociedade de Nacións**:

Varios paises non participaron na súa creación, entre eles EE.UU, que se acaba de convertir na primeira potencia mundial económica e militarmente. A falta de medios económicos e militares para facer as súas funcións.

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve **REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS,** no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

**Redacción 1. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL**
**(extensión de entre 10 e 20 liñas)**

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- PRIMEIRO PARÁGRAFO: *"A Primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares ..."* (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CAUSAS POLÍTICAS E MILITARES DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Primeiro parágrafo

A formación de dous bloques de países enfrentados entre eles; A triple Alianza e o triple Entente. EE.UU e Xapón adquiren moita importancia a nivel mundial, poseen moito poder económico e armamentístico.



2

- <u>SEGUNDO PARÁGRAFO</u>: *"Na Primeira Guerra Mundial formáronse dous bandos que se enfrontaron que se denominaban... e que estaban formados cada un deles por ..."* (CITAR E EXPLICAR OS BANDOS ENFRONTADOS NA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Segundo parágrafo

Nos aliados están Francia, R.U., Rusia, Serbia e Bélxica. Despois incorpórase Xapón, Italia, Romanía, EE.UU e Grecia
Os imperios centrais, que en principio era a Triple Alianza, forman Alemaña, Austro-Hungría, Bulgaria e o imperio turco. Italia formou parte dela e despois cambiou de bando. ✓

- <u>TERCEIRO PARÁGRAFO</u>: *"A Primeira Guerra Mundial tivo importantes consecuencias económicas, entre as que destacaría ... "* (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Terceiro parágrafo

Moitos países vense endebedados polo gasto da guerra. Piden préstamos a EE.UU. e Europa perde o dominio económico mundial, pasando a mans dos Estados Unidos, xa que ademais non sofriu guerra no seu territorio.

- <u>CUARTO PARÁGRAFO</u>: *"Finalmente, a Primeira Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo ..."* (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUENCIAS POLÍTICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Cuarto parágrafo

A desaparición de imperios como o Austro-húngaro e o turco ou o ruso. Pola contra aparecen novos Estados como Polonia, Estonia, Letonia, Iugoslavia, etc. Xurde un forte sentimento nacionalista ~~con~~ exacerbado polo medo a unha revolución comunista, que dá pé a movementos fascistas



de Extrema dereita.

→ moi ben